



CORONAVIRUS: O PRIMEIRO É A SAÚDE

O coronavirus foi declarado pola OMS como pandemia. Ante esta situación, a pasividade non é unha opción: **ATRASAR AS MEDIDAS DE CONTENCIÓN COMPLICARÁ MÁIS O PROBLEMA.**

En primeiro lugar, necesítase información clara e precisa por parte de Navantia. Neste senso, hai que esixirlle que haxa participación sindical no Comité de Emerxencia que coordina as actuacións.

Ademais hai outros problemas. A Xunta anunciou onte a suspensión de toda a actividade docente a partir do vindeiro luns, o que plantexa o problema do coidado dos menores. Ante esta mesma medida en Madrid, a empresa dixo que os traballadores con fillos menores poderán dispoñer do tempo necesario para o seu coidado mentres as clases estean suspendidas. Aquí debería facer o mesmo.

Pero o problema vai máis aló. Onte á tarde coñeceuse que xa hai oficialmente un caso na nosa comarca. As factorías da ría concentran a varios milleiros de traballadores, moitos en espazos cerrados e de diversas procedencias xeográficas. Por tanto, poden ser un foco de propagación do coronavirus. De feito, tanto en Fene como en Cádiz hai persoas illadas en observación, ambas relacionadas con Reparacións: en Fene, un traballador procedente de Valencia contratado polo armador dun buque; en Cádiz, un militar dunha fragata que estivo en Madrid.

A experiencia de Italia demostra que non tomar medidas a tempo agrava o problema. O goberno recomenda cerrar tódolos centros educativos de todo o Estado español durante 15 días. Moitos concellos están suspendendo numerosas actividades. Os grandes centros de traballo tamén representan un gran risco potencial.

Canto antes se tomen medidas, máis efectivas serán. A única diferenza entre unha factoría de Navantia e un centro de ensino ou unha instalación deportiva é a existencia de **intereses económicos**. Pero a saúde ten que estar por riba dos cartos. Esta crise demostra que a privatización da sanidade en beneficio de intereses privados é prexudicial para os intereses xerais da poboación.

Neste senso, as empresas e administracións públicas deben dar exemplo e antepoñer a saúde da poboación. **NAVANTIA DEBE SUSPENDER AS SÚAS ACTIVIDADES CANTO ANTES DURANTE O TEMPO NECESARIO.**

Pero esta medida extraordinaria ante unha situación extraordinaria non pode repercutir negativamente sobre os traballadores, nin da principal nin das compañías. Mentres dure a suspensión, deben garantirse tanto os salarios como os postos de traballo de tódolos traballadores.

Xa antes do coronavirus, a economía daba claras mostras de ralentización. Os empresarios van intentar aproveitar esta crise sanitaria para atacar ós traballadores. **A CGT OPOÑERASE A CALQUERA ERE COA ESCUSA DO CORONAVIRUS. TODO INTENTO PATRONAL POR SACAR PARTIDO DA SITUACIÓN DEBE SER COMBATIDO COA MÁXIMA CONTUNDENCIA. NIN RECORTES SALARIAIS NIN DESPEDITOS.**